

BLOQUE IX

13. A crise da Restauración (a desarticulación do sistema canovista).

14. A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.

15. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).

13. A crise da Restauración (a desarticulación do sistema canovista).

A chegada ao trono de Afonso XIII trala súa maioría de idade (aos 16 anos), no ano 1902, deu comezo á **segunda etapa da Restauración** (1902-1923). O novo século traía consigo unha crise de liderado dentro dos partidos dinásticos.

Ao longo do seu reinado, de acordo co sistema político vixente, pódense distinguir tres períodos: a crise da Restauración borbónica ou quebra da monarquía constitucional (1902-1923), a dictadura de Primo de Rivera (1923-1930) e a fin da monarquía (1930-31).

1. A desarticulación do sistema canovista.

Producida a partir de 1902 de forma progresiva, e provocada por diferentes factores:

- **O fraccionamento e descomposición dos partidos dinásticos**, o Conservador e o Liberal, pola falta de líderes sólidos tras a desaparición de Cánovas (asasinado en 1897) e Sagasta (falecido en 1903). Os novos líderes foron incapaces de aglutinar a todos os seus partidarios que se dividiron en faccións enfrontadas. Aínda que a quenda seguiu funcionando, o **intervencionismo político do rei Afonso XIII**, favorecido polo cada vez menor respaldo parlamentario dos gobernos, incrementou o desgaste dos partidos dinásticos.
- **O fracaso dos proxectos *rexeneracionistas* desde dentro do sistema** levados a cabo polos líderes dos partidos dinásticos, o conservador Maura (1907-09) e o liberal Canalejas (1910-12).
- **O crecente papel do exército na vida política**, en defensa dos seus intereses corporativos e desde posturas cada vez máis conservadoras e autoritarias. Co consentimento do rei, en 1906 apróbase a **Lei de Xurisdiccións** pola que se somete ao código e a xuízo militar os delitos de opinión e obra contrarios á unidade da patria e ao honor do exército.

- **A pervivencia e mantemento da fraude electoral e do caciquismo**, cada vez máis insoportable para a opinión pública.
- **A crecente contestación política ao sistema e o auxe do republicanismo e dos nacionalismos periféricos**. As clases medias, favorecidas polo desenvolvemento económico e industrial, amosáronse cada vez máis críticas e apoiaron o republicanismo e os nacionalismos, rompendo o monopolio dos partidos dinásticos.
- **O incremento da conflictividade social**. En paralelo coa industrialización, as organizacións obreiras socialistas e anarquistas incrementaron os seus afiliados e a súa capacidade de actuación. As difíciles condicións de vida e traballo das masas populares xunto coa dura represión exercida pola patronal e o Goberno ás súas demandas, fixeron que o movemento obreiro español tivese unha forte carga revolucionaria contra o sistema. Nas rúas, as folgas e a violencia foron unha constante e con frecuencia acababan con mortos e feridos.
- Os **atentados anarquistas** foron moi frecuentes e graves, e alcanzaron tanto ao rei (atentando de Mateo Morral o día da súa voda) como aos xefes de Goberno (Canalejas e Dato asasinados en 1912 e 1921, respectivamente), a empresarios e a eclesiásticos.
- As **sucesivas derrotas militares** na ocupación do norte de Marrocos.
- As consecuencias económicas da **I Guerra Mundial** que agudizaron as tensións sociais.

Todos estes factores provocaron o **deterioro progresivo do funcionamento do sistema** e a existencia de crises políticas e sociais cada vez máis graves (como as de 1909 e 1917) que minaron a monarquía constitucional e facilitaron o golpe de Estado de 1923.

2. O intervencionismo do exército e a Lei de Xurisdiccións

A primeira das crises do reinado de Afonso XIII foi provocada polos militares. Segundo o sistema canovista, o exército debía estar sometido ao poder civil e non intervir na vida política. Pero despois do 98, as críticas contra o exército xeneralizáronse causando un forte malestar entre os militares. En **1905** un grupo de militares (oficiais) asaltou a redacción da revista satírica **Cu-Cut**, con motivo da publicación dun chiste alusivo á derrota do 98 e que se considerou ofensivo. Este feito quedou impune ao non atreverse o Goberno a castigar aos culpables e tivo como consecuencia a promulgación –co consentimento do rei– dunha nova **Lei de Xurisdiccións** (1906) pola que quedaban baixo xurisdicción militar os delitos de obra e opinión contra a unidade da patria, o exército e a bandeira. O cambio na mentalidade da clase militar era claro: de apoiar coas súas accións unha ou outra facción política liberal ao longo do século XIX, pasaron á defensa dos seus intereses corporativos e a considerarse os defensores da patria e da unidade nacional. Deste modo, **o poder militar impúxose ao poder civil**.

2. O fracaso dos intentos reformistas desde dentro do sistema.

2.1. As reformas de Maura (Conservador)

O goberno presidido por Antonio Maura durante o período 1907-1909 protagonizou o maior intento reformista levado a cabo polos conservadores. Maura proxectou o que el mesmo denominou a “**revolución desde arriba**”; isto é, a rexeneración do sistema político a partir da formación dunha nova clase política que tivese o apoio social do pobo. Pretendía Maura configurar un Estado forte, capaz de gobernar de forma eficaz e de conseguir por un lado, desbancar ás vellas familias caciquís e polo outro, impedir que as clases populares adquirisen excesivo protagonismo. Tamén se esforzou este político por integrar no seu proxecto político ao catalanismo a partir da concesión dunha maior autonomía a Concellos e Deputacións, e do recoñecemento das rexións. Sen embargo, moitas das súas propostas non se chegaron a aprobar pola oposición dos grupos dominantes, e outras non pasaron de boas intencións.

2.2. A Semana Tráxica e a caída do goberno de Maura.

Despois do desastre do ano 1898 e da perda dos últimos territorios coloniais, a actuación exterior española orientouse cara o Norte de África: Marrocos, onde ocupaba dúas prazas fortes: Ceuta e Melilla. Entre 1904 e 1906 (Conferencia de Alxeciras), os acordos hispano-franceses garantiron como zona de influencia exclusiva de España o territorio do norte de Marrocos entre Larache e Melilla; tratábase dunha zona de orografía montañosa (macizo do Rif e a Yerbala), de clima árido e habitada por unha serie de tribos de orixe bereber, **as cábilas**, dominadas por caudillos locais e baixo a autoridade teórica do sultán de Marrocos. A ocupación desta zona foi lenta e difícil. O exército español tivo que facer sempre fronte aos ataques, esporádicos e baseados na sorpresa e na loita de guerrillas, que lle facían as cábilas rifeñas. O abrupto do territorio e a oposición da poboación indíxena fixo necesario empregar fortes continxentes militares, e que **a cuestión marroquí** se convertese nun problema de primeira magnitude para os gobernos españois, causando graves tensións políticas, militares e sociais.

En xullo de 1909, os rifeños inflixíronlle ás tropas españolas unha importante derrota no **Barranco do Lobo**. O Goberno e as clases dominantes consideraron que estes ataques ameazaban o prestixio internacional de España, aínda que o que realmente estaba en xogo eran os intereses económicos de certos grupos capitalistas, principalmente das compañías mineiras e os investimentos en ferrocarrís, obras públicas, etc.

Para facer fronte aos ataques, o Goberno decretou **a mobilización dos reservistas**. A opinión pública de esquerdas e as organizacións obreiras

manifestáronse en contra. O embarque das tropas en Barcelona provocou na cidade e noutras localidades catalanas o **inicio, o 26 de xullo de 1909, dunha folga xeral** convocada por socialistas e anarquistas contra a guerra e a actuación do Goberno.

A folga foi un éxito e a protesta obreira radicalizouse. Das queixas pasouse á violencia e ao motín; construíronse barricadas nas rúas de Barcelona e queimáronse conventos, igrexas e escolas rexentadas por relixiosos, como protestas polo apoio da Igrexa aos grupos poderosos. Durante unha semana, ata o 31 de xullo, as masas populares foron donas de Barcelona. Unha vez dominada a insurrección popular por parte das autoridades e restablecida a orde pública levouse a cabo unha forte represión (fusilamentos de Montjuic), sendo acusado como promotor moral dos sucesos o fundador da Escola Moderna (un centro de ensino laico e racionalista) **Francisco Ferrer i Guardia**, anarquista e masón, que **foi executado** a pesar das escasas probas aportadas e das protestas internacionais no seu favor.

A “**Semana Tráxica**” tivo amplas consecuencias políticas. As forzas opositoras á monarquía formaron unha conxunción electoral republicano-socialista. No Goberno, a crise forzou a caída de Maura e a volta ao poder dos liberais con Canalejas. En Cataluña as esquerdas acusaron á Lliga Regionalista de apoiar a represión e empezou a tomar corpo un nacionalismo republicano e de esquerdas. O ambiguo papel do Partido Radical de Lerroux afastou aos obreiros do republicanismo e pasaron a ingresar as ringleiras do anarcosindicalismo.

2.3. As reformas de Canalejas (Liberal)

O ferrolán José Canalejas formou goberno no ano 1910. O seu programa propuña a modernización da vida política, intentando atraer a certos sectores populares a partir dun maior reformismo social e de limitar o poder da Igrexa. Entre as reformas máis significativas destacan:

- **A Lei de asociacións relixiosas** de 1910, máis coñecida como “Lei do Candado”, que limitaba o establecemento de novas ordes relixiosas en España e que desencadeou unha forte oposición por parte dos sectores católicos e conservadores, así como do Vaticano, que obrigaron ao Goberno a non aplicala na súa totalidade, sendo posteriormente retirada.
- **A Lei de mancomunidades provinciais**, presentada en 1911, pretendía complementar as competencias dos concellos e **canalizar as reivindicacións catalanistas** mediante a formación de mancomunidades de municipios e a concesión dunha reducida autonomía rexional. Este proxecto foi aprobado en 1913 polo Goberno conservador de Eduardo Dato e permitiu a creación da **Mancomunitat de Cataluña** en 1914.
- **A Lei de recrutamento** de 1912, que establecía o servizo militar obrigatorio, quedando **abolida a redención** ou pago en metálico para librarse de ir ao exército, dando así satisfacción parcial a unha ampla demanda social. Pero estableceu os “soldados de cota” que, mediante pago, reducían considerablemente o tempo do seu servizo militar.

- **A substitución do imposto de consumos** por un imposto progresivo sobre as rendas urbanas.

Asasinado nun atentado anarquista en 1912, a oposición dos sectores conservadores fixo que as súas propostas tivesen pouca transcendencia. A súa desaparición incrementou o proceso de disgregación dos liberais.

En 1913, o rei Alfonso XIII nomeou presidente do goberno ó conservador **Eduardo Dato** quen tivo que face fronte ás consecuencias do estoupido da Primeira Guerra Mundial (1914-1918), na que España mantivo unha posición de **neutralidade**, xa que estaba á marxe do sistema de alianzas e carecía de importancia política e de forza militar. Iso non impediu a división ideolóxica entre "**xermanófilos**" - clases altas, Igrexa e mandos do exército- para quen os imperios centrais representaban a orde conservadora e a autoridade e "**aliadófilos**" - sectores progresistas, republicanos sobre todo- para quen Francia e Inglaterra representaban ideais máis democráticos. As forzas obreiras e sindicais defenderon a neutralidade estricta ao considerar a guerra como un conflito entre potencias imperialistas.

Grazas á neutralidade España converteuse en subministradora de produtos industriais e agrarios aos países belixerantes o que estimulou o crecemento da produción pero tamén dos prezos (inflación), sobre todo dos produtos de primeira necesidade. A demanda exterior beneficiou sobre todo á burguesía industrial da periferia pero empeorou o nivel de vida das clases populares xa que a inflación non foi compensada cun aumento dos salarios, co que o custo da vida subiu entre un 15 e un 20%, provocando unha importante vaga de folgas (212 folgas en 1914 e 463 en 1918).

3. A oposición dos partidos fóra da quenda.

Do mesmo xeito que os partidos dinásticos, tamén os partidos da oposición pretenderon mobilizar á opinión pública para desbancar definitivamente aos partidos da quenda. Xa vimos que a partir da crise do 98 conseguiron abrir unha fenda nos partidos dinásticos pero aínda así, non lograron poñer fin a súa hexemonía.

O republicanismo constituía a principal forza da oposición política e agora, este novo republicanismo caracterizábase por ser un amplo movemento social de carácter reformista, que agrupaba a sectores da burguesía e a amplas capas das clases populares.

No ano 1903 nacía **Unión Republicana**, coalición que intentaba agrupar aos diferentes grupos republicanos en torno á figura de Nicolás Salmerón. Pero enseguida apareceron discrepancias no seu interior, sendo protagonizadas as máis importantes por Alejandro Lerroux, quen en 1908 crea o seu propio partido: o **Partido Radical**. Este político tiña un discurso anticlerical e revolucionario e logrou influir en amplos sectores das clases populares barcelonesas. En 1910 (despois da "Semana Tráxica") moderou o seu discurso e trasladouse a Madrid. En Valencia, Vicente Blasco Ibáñez impulsou o blasquismo, un movemento semellante ao lerrouxista e que conseguiu facerse co control do concello valenciano. Destaca en último lugar, o **Partido**

Reformista de Melquíades Álvarez e que tivo nas súas filas a coñecidos intelectuais como José Ortega y Gasset e Manuel Azaña. Ofrecía un programa baseado na democratización profunda da vida política pero non conseguiu unha implantación efectiva entre as clases medias nin entre as traballadoras.

Na primeira década do século XX o socialismo foi abandonando paulatinamente o seu illamento político, practicado desde a súa fundación e amosouse partidario de colaborar con outras forzas de esquerda. A partir do ano 1908 aceptou a colaboración e pactou unha alianza electoral coas distintas tendencias republicanas menos a de Lerroux. Coa **coalición republicano-socialista**, o socialismo entrou no xogo parlamentario, e no ano 1910 os socialistas “colocaron” o seu primeiro deputado no Congreso (Pablo Iglesias).

14. A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos.

En 1914, o Goberno declarou a España neutral na 1ª Guerra Mundial. Sen embargo, o conflito tivo un gran impacto na sociedade española, dividida en *aliadófilos* e *xermanófilos*, síntoma da dualidade de intereses que existían.

Desde o punto de vista económico, a guerra supuxo un incremento do desenvolvemento industrial e productivo da economía española, convertida en subministradora de todo tipo de produtos aos países belixerantes. Pero tamén provocou un aumento dos prezos, especialmente dos produtos de primeira necesidade, que escaseaban como resultado das masivas exportacións; ao tempo, os salarios subían a un ritmo menor e dun xeito desigual. O descenso do poder adquisitivo e o deterioro das condicións de vida das clases medias e, sobre todo das populares, acentuou o malestar social e político.

1. A crise de 1917.

En 1917, produciuse a crise máis profunda do sistema político da Restauración, resultado da confluencia de tres tipos de conflitos: o militar, o político e o social

- **A crise militar: as Xuntas de Defensa.** O exército español, como consecuencia das guerras coloniais, presentaba un nº excesivo de oficiais con relación ao de soldados. Ademais, a inflación fixera diminuír os valores reais dos baixos salarios dos militares. O forte descontento entre os oficiais de baixa e media graduación desembocou na formación das chamadas Xuntas de Defensa, unha asociación de militares nacida en Barcelona no outono de 1916 e que se estendeu pola maioría das gornicións peninsulares. As Xuntas reivindicaban: un aumento salarial; concesión dos ascensos por antigüidade como único criterio e non por méritos de guerra (o que beneficiaba aos *africanistas*); defensa do honor dos militares fronte ás críticas antimilitaristas; represión contra o separatismo nacionalista, o socialismo e o anarquismo.... O *Manifesto das Xuntas* de xuño de 1917 culpaba ao

Goberno dos males do exército e do país, e facía un chamamento á renovación política utilizando unha linguaxe "rexeneracionista". O goberno do conservador Eduardo Dato (con Fernando Primo de Rivera como ministro da Guerra, tío do futuro ditador) recoñeceu as Xuntas, a cambio os militares acudiron en axuda do Goberno cando estoupou a folga xeral de 1917 e en Barcelona se organizou a Asemblea de Parlamentarios.

- **A crise política: a Asemblea de Parlamentarios.** O goberno Dato, ante a situación de crise, suspendeu as garantías constitucionais, clausurou as Cortes e impuxo a censura de prensa. Como reacción, e por iniciativa da "Lliga Regionalista", organizouse en Barcelona a Asemblea de Parlamentarios cataláns (5 de xullo de 1917), que esixiu a formación dun goberno provisional que convocase unhas cortes constituíntes capaces de reestructurar o Estado sobre a base da descentralización. Desde a Asemblea convocouse a unha reunión de todos os deputados e senadores españois, pero a maioría non responderon á convocatoria e dos 760 citados unicamente acudiron 71, na súa maioría republicanos e socialistas. O Goberno prohibiu a reunión, pero acabou tendo lugar o 19 de xullo e foi disolta finalmente pola Garda Civil. O movemento assembleario non tivo continuidade e morreu sen ter conseguido a reforma constitucional por mor da negativa das forzas monárquicas a participaren no seu programa.
- **A crise social: a folga revolucionaria.** A Gran Guerra europea xerou en España, debido ao incremento das exportacións de produtos aos países belixerantes, un grave problema de abastecemento que afectou duramente ás clases populares. O malestar social traducíuse en protestas e manifestacións. En 1917, agraváronse as tensións; no fondo estaban as reivindicacións dos militares e da pequena burguesía, así como o descontento xeral do proletariado, o conflito laboral dos ferroviarios valencianos e a actitude intransixente do Goberno. **A UXT e o PSOE convocaron unha folga xeral en toda España para o 18 de agosto** (pedían o derrocamento do réxime, a formación dun goberno provisional e a convocatoria de Cortes constituíntes). A folga contou coa colaboración dos republicanos e da CNT e tivo unha **incidencia desigual**, sendo maioritaria entre o proletariado de Madrid, Barcelona, Levante, País Vasco e Asturias. O Goberno declarou a lei marcial e enviou ao exército para reprimila. A folga fracasou pola dura represión do Goberno -70 mortos, 200 feridos e +- 2000 detidos. Os membros do comité de folga condenados a cadea perpetua- e pola falta dunha estratexia clara a seguir. Os obreiros volveron ao traballo.

2. Os gobernos de concentración.

Trala crise de 1917 o sistema político da Restauración aínda sobreviviu un lustro pero entrou nun descomposición progresiva ante o inmovilismo dos partidos dinásticos e a heteroxeneidade e debilidade da oposición.

A consecuencia máis importante dos sucesos de 1917 foi a formación de **sucesivos gobernos de concentración**, incapaces de consensuar un

programa común e con frecuentes dimisións dos ministros. O máis salientable de todos foi o chamado **Goberno Nacional**, impulsado por **Maura** en 1918, coa participación dos líderes dos partidos dinásticos (conservadores e liberais) e dos rexionalistas cataláns (Lliga Regionalista). As diferenzas entre os coaligados fixo imposible calquera proceso reformista e os gobernos foron incapaces de conter a inflación e restablecer a orde social. Fracasados os gobernos de coalición, **volveuse á quenda dinástica entre 1918 e 1923**, con 10 cambios de goberno, que tiveron que recurrir a **medidas de excepción**, á suspensión das garantías constitucionais e á clausura do Parlamento ao faltarlles os apoios parlamentarios necesarios para gobernar e ante a radicalización extrema da conflitividade laboral ("trienio bolxevique" -1918-21- no campo andaluz; Folga dun mes e medio en la Canadiense en Barcelona -1919- que paralizou o 70% da industria local,...) que dexenerou no **"pistoleirismo"** (1916-1923) entre a **Federación Patronal**, que contratou pistoleiros a soldo para asasinar aos dirixentes obreiros e recorreu ao peche de empresas frecuentemente (**lockout**), e algúns grupos anarquistas que practicaron un activismo violento contra os patróns, as autoridades e as forzas da orde. Esta época saldouse con máis de 800 atentados nos que morreron 226 persoas. As autoridades exerceron unha dura represión contra os sindicalistas e coa aplicación da **lei de fugas**.

3. A cuestión marroquí e o desastre de Annual.

En 1912 o Goberno español, previo acordo co Goberno francés, estableceu o protectorado sobre a súa zona de influencia no norte de Marrocos, quedando a cidade de Tánxer baixo un estatuto especial de control internacional. Pero para manter o protectorado era preciso ocupalo e pacificalo. Na zona do Rif as tropas españolas avanzaban con dificultade ante a resistencia da poboación e as dificultades do terreo. Os gastos incrementáronse e o exército creou corpos específicos para a loita en Marrocos: a **Lexión** (1920) e os **regulares** (con soldados recrutados entre os mouros).

En xullo de 1921 o **xeneral Silvestre** iniciou unha campaña co obxectivo de estender o control español ao redor de Melilla, meténdose no corazón do Rif sen ter protexido suficientemente a súa retagarda nin ter asegurados os abastecementos.

A reacción dos rifeños non se fixo agardar e as cabilas de **Abd-el-Krim** atacaron por sorpresa o posto español de **Annual** provocando unha gran desbandada entre as tropas españolas, que perderon todo o territorio ocupado e sufriron unhas **13.000 baixas**, incluído o xeneral Silvestre.

O desastre de Annual puxo en evidencia a deficiente organización do exército e, aínda que a chegada de tropas de reforzo permitiu recuperar doadamente as posicións perdidas, tivo consecuencias importantes para a estabilidade do sistema político.

O desastre de Annual, coas súas enormes perdas en homes, material, territorio e prestixio, provocou un **forte impacto na opinión pública** española e acentuou a impopularidade da guerra e do exército. Numerosos grupos

políticos e periódicos esixiron **responsabilidades**. Abriuse unha investigación sobre o comportamento dos militares (o chamado **Expediente Picasso**) e difundíuse a **sospeita** e acusación de que detrás da acción do xeneral Silvestre estaba a **intervención de Afonso XIII**, o que incrementou a **oposición á Monarquía**.

Ante a permanente inestabilidade e desintegración política, os duros enfrontamentos sociais, a impopularidade e o fracaso da guerra de Marrocos e as críticas ao rei e aos militares, o réxime tiña unicamente dúas posibilidades para sobrevivir: democratizarse ou impor unha solución de forza encabezada por un “*cirurxián de ferro*” que puxera remedio aos males de España.

A incapacidade do réxime para transformarse favoreceu en 1923 a imposición dunha dictadura militar. O rei non se amosara nada proclive a unha apertura democrática do réxime que significase a perda das súas prerrogativas; e por outro lado, a oligarquía dominante foi incapaz de admitir calquera tipo de transformación que puidese significar unha diminución dos seus beneficios políticos e económicos.

15. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).

1. As causas do golpe de Estado.

O 13 de setembro de 1923, Miguel Primo de Rivera, nese momento capitán xeneral de Cataluña, contando co apoio de diversas personalidades políticas e militares, deu un golpe de Estado en Barcelona, declarou o estado de guerra e esixiu que o poder pasase a mans dos militares. Entre as razóns que levaron a Miguel Primo de Rivera a protagonizar esa acción destacaban:

- Os repetidos fracasos nas campañas de Marrocos, que provocaron o descrédito do exército e conatos de indisciplina militar.
- Os ataques velados ao rei por consideralo responsable do desastre de Annual.
- A radicalización das manifestacións catalanistas, sentidas por unha parte do exército como unha ameaza á unidade do Estado.
- O auxe do terrorismo, tanto dos anarquistas como dos pistoleiros pagados pola patronal, que causaron un nº elevado de mortes.
- O medo á subversión social e política do sistema vixente.
- A inestabilidade e incapacidade dos gobernos para controlar a situación.
- Algúns historiadores consideran que a intención de Primo de Rivera era evitar que o réxime político acabase por democratizarse (o último goberno de concentración de García Prieto, que incluía a membros do Partido Reformista, propuxérase unha reforma nesa dirección).

O Goberno tentou conseguir do rei a destitución dos xenerais sublevados e a convocatoria de Cortes; a falta de apoio do monarca provocou a súa dimisión en pleno. O día 14, Afonso XIII chamou a Primo de Rivera para que asumise o poder, aceptando así o golpe de Estado; a Coroa unía os seus destinos á

Ditadura que durou 7 anos, nos que se sucederon dúas formas de goberno: o **Directorio Militar** (1923-25) e o **Directorio Civil** (1925-30).

O golpe de Estado de Primo de Rivera contou inicialmente cunha ampla aceptación popular, explicable polo elevado malestar político e social existente en España, e porque se presentaba como unha medida excepcional e transitoria para solucionar os graves problemas vixentes. Os apoios á Ditadura viñeron da man das forzas políticas conservadoras, así como os terratenentes, a burguesía industrial e financeira, e os pequenos e medianos propietarios agrícolas apoiaron a nova situación política. A UXT e o PSOE mantiveron ata 1925, unha posición de non enfrontamento e mesmo de achegamento, o que lles permitiu participara na elaboración da nova lexislación laboral e consolidar a súa presenza no mundo obreiro; pola contra, o Partido Comunista e a CNT mantiveron desde os seus inicios, unha oposición aberta á Ditadura. Así mesmo, amosáronse críticos coa situación os intelectuais, os estudantes, os republicanos e algúns dos vellos políticos monárquicos.

Primo de Rivera presentouse a si mesmo como o rexenerador e o *cirurxián de ferro* que o país precisaba para saír do atraso. Sempre xustificou a súa actuación co obxectivo de lograr a rexeneración da vida pública española e de solucionar os problemas máis urxentes do momento: caciquismo, corrupción política, separatismo, terrorismo, enfrontamentos sociais, guerra en Marrocos...

2. Etapas:

2.1. Directorio Militar (1923-25).

Entre setembro de 1923 e decembro de 1925 o Goberno da Ditadura presidido por Primo de Rivera estivo en mans dun Directorio Militar, así denominado por estar formado exclusivamente por militares. O novo gabinete gobernou mediante decretos e prestou especial atención aos seguintes aspectos:

- **A rexeneración da vida política:** co obxectivo de acabar o caciquismo adoptáronse diversas medidas:
 - suspensión da Constitución de 1876, poñendo fin á monarquía constitucional como forma política de goberno.
 - Destitución das autoridades vixentes: as funcións dos gobernadores civís pasaron aos gobernadores militares. Nos concellos, alcaldes e concelleiros foron substituídos por outros adictos ao réxime. Os partidos políticos non foron suprimidos, pero perderon a súa capacidade de influencia nos asuntos públicos.
 - Creación dos delegados gubernativos, encargados en cada partido xudicial de informar sobre as deficiencias dos concellos e de propor remedios.
 - Reforma da normativa electoral: redución de 25 a 23 anos para poder votar e concesión do voto restrinxido ás mulleres, pero estas medidas non se chegaron a aplicar porque non se convocaron eleccións.
 - Elaboración de novos estatutos municipal (1924) e provincial (1925), que aumentaban a democratización destas institucións, pero na

- práctica o Goberno controlou a vida municipal designando e nomeando tanto aos concelleiros coma aos deputados provinciais.
- Formación dunha organización cívica: a **Unión Patriótica**, que oscilou entre un movemento de apoio e propaganda á Dictadura sen un significado político concreto, e o partido único do novo réxime.
 - **O restablecemento da orde pública**, conseguida mediante o control e represión do movemento obreiro. Para logralo, foi decretado o estado de guerra ata 1925, a restricción das liberdades públicas, a prohibición de celebrar reunións e a persecución das organizacións obreiras vinculadas á CNT e ao PCE. Para maior efectividade deste control fíxose extensiva a toda España o Somatén, organización orixinaria de Cataluña formada por paisanos armados baixo a autoridade dos mandos militares; a súa misión era colaborar coa Garda Civil no mantemento da orde e da paz públicas e na defensa da propiedade privada.
 - **A defensa da unidade da patria**. A Dictadura actuou en contra de todo aquilo que lle parecía que podía ser un perigo para a unidade de España. Desenvolveu campañas de afirmación dos símbolos nacionais de España e de represión das reivindicacións e manifestacións nacionalistas de cataláns, vascos e galegos.
 - **A fin da guerra de Marrocos**. Abd el-Krim considerou que España estaba derrotada e cometeu o erro de atacar tamén as posicións francesas en Marrocos. Ante esta situación, o Goberno francés e o español acordan coordinar as súas accións bélicas. A estratexia española consistiu en realizar un **desembarco na baía de Alhucemas**; a operación, realizada en setembro de 1925, foi un éxito e permitiu conquistar o Rif. En 1926, as sucesivas derrotas obrigaron a Abd el-Krim a entregarse aos franceses (por temor a ser executado polos españois) e a asinar a rendición. A partir de 1927 as tropas españolas deron por concluída a operación efectiva de todo o Protectorado. O prestixio do exército estaba salvado e o dictador “apuntouse” un triunfo.

2.2. Directorio Civil (1925-30)

En decembro de 1925, despois do éxito do desembarco de Alhucemas e restablecida a orde pública, Primo de Rivera decidiu afianzarse no poder, poñer fin á ditadura militar e constituír un Directorio, formado maioritariamente por civís vinculados á Unión Patriótica, para volver “á normalidade”. Nesta empresa volveu contar co apoio do rei.

- Rexeitada a volta ao parlamentarismo liberal e ao réxime constitucional de 1876, Primo de Rivera, moi influenciado polo fascismo italiano, pretendeu a **instauración dun réxime político corporativo**. As pezas básicas do novo sistema serían:
 - A **Asemblea Nacional**, constituída en 1927, de carácter consultivo e formada polos representantes das diferentes

corporacións do Estado (concellos, deputacións), dos sectores económicos e da Unión Patriótica.

- **A Organización Corporativa do Traballo**, creada en 1926 coa finalidade de regulamentar as relacións entre obreiros e patróns a través dos comités paritarios. Estes comités contaron coa participación e apoio dos sindicatos católicos e tamén da UXT. Ao mesmo tempo, elaborouse unha ampla lexislación laboral e social, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos traballadores, como o Código do Traballo (1926). Tamén se adoptaron numerosas medidas de carácter populista como: a distribución de comida e roupa ás familias necesitadas, a construción de casas baratas, os subsidios para as familias numerosas, etc. etc.
- **A política económica.** A Ditadura beneficiouse da boa conxuntura económica internacional dos anos vinte (os “felices anos 20”), levouse a cabo un intervencionismo estatal no fomento das obras públicas: ferrocarrís, estradas, hidroeléctricas, etc., aprobouse un Decreto de Protección da Industria Nacional que prevía a concesión de axudas estatais ás empresas que non podían competir co exterior. Tamén se concederon grandes monopolios como o de teléfonos á “Compañía Telefónica Nacional” e o de petróleo a CAMPSA.
- **O incremento da oposición e a caída de Primo de Rivera.** A oposición estaba integrada por:
 - Os antigos partidos da quenda, que criticaban á excesiva duración do réxime e algúns dirixentes monárquicos participaron en conspiracións militares como o complot coñecida como a “sanjuanada” (24 de xuño de 1926) para derribar ao ditador pero que non tivo éxito. Deuse outra intentona semellante en 1929, tamén sen éxito.
 - Os republicanos, que organizaron a chamada “Alianza Republicana” (unión de todo o republicanismo).
 - Os intelectuais, entre os que destacaban Unamuno, Ortega y Gasset, Blasco Ibáñez e Menéndez Pidal, moi críticos co réxime. Houbo tamén revoltas universitarias (fundación da FUE en 1927).
 - Os partidos e organizacións obreiras; a CNT sempre foi contraria ao réxime, e o PSOE cambiou a súa táctica de apoio á Ditadura en 1929, para pronunciarse a favor da República.
 - Os nacionalismos periféricos, sobre todo o catalán, radicalizaron a súa oposición ante a persecución dos seus símbolos e linguas.

Ante estas dificultades, e querendo comprobar se seguía contando co apoio do exército para seguir gobernando, en xaneiro de 1930 **Primo de Rivera** preguntou aos xefes militares se contaba coa súa confianza. As respostas foron ambiguas e faltas de entusiasmo. O dictador, sentíndose só e sen apoio do exército, **presentou a súa dimisión ao rei o 29 de xaneiro**, dimisión que foi aceptada. O ditador marchou ao exilio (Francia), onde residiu ata a súa morte, que sucedeu uns meses máis tarde.

3. A fin da monarquía.

Tras a dimisión de Primo de Rivera, Afonso XIII encargou ao xeneral Dámaso Berenguer a formación dun novo goberno. A súa pretensión era restablecer o constitucionalismo de 1876, pero o prometido retorno á normalidade constitucional era tan lento que a oposición e máis a opinión pública amosaron o seu descontento e empezaron a chamar ao seu goberno, dunha forma irónica, “ditablanda”.

Sen embargo, a volta ao pasado non foi aceptada por unha ampla maioría da sociedade; a idea dunha España republicana ía tendo cada vez máis partidarios e os republicanos intensificaban a súa coordinación política. En Galicia, en marzo de 1930, no chamado **Pacto de Lestrove**, creouse a FRG (Federación Republicana Gallega). En agosto de 1930, un importante número de personalidades políticas (republicanos, antigos monárquicos, nacionalistas, socialistas), en representación dos seus partidos ou a título persoal, reuníronse en San Sebastián e estableceron un acordo verbal, coñecido como **Pacto de San Sebastián** polo que se comprometían a proporcionarlle unha alternativa á monarquía, constituíndo un comité revolucionario que se debería converter no goberno provisional da futura república. En decembro de 1930 tiveron lugar dous intentos frustrados de establecer a República pola forza. O primeiro produciuse en Xaca polos capitáns Galán e García Hernández, que foron detidos e fusilados. O segundo tivo lugar no aeródromo madrileño de Catro Ventos, protagonizado polo xeneral Queipo de Llano e os comandantes Ramón Franco e Ignacio Hidalgo.

Ante a crecente axitación política e social, en febreiro de 1931 Berenguer foi substituído polo almirante Juan Bautista Aznar. O novo goberno decidiu convocar eleccións de forma escalonada: primeiro as municipais e despois as xerais. As eleccións municipais foron fixadas para o 12 de abril. Dadas as circunstancias, adquiriron un carácter de plebiscito en favor ou en contra da Monarquía. O Goberno e o exército declararon que aceptarían o resultado. Aínda que no medio rural predominaron os concelleiros de candidaturas monárquicas, o triunfo das candidaturas republicanas nas cidades (capitais de provincia e outras grandes poboacións) foi considerado coo un apoio ao establecemento da República. O 14 de abril foi proclamada a II República.